Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O cura Antoñanes e os nubeiros

Na parroquia de Abeledo, concello de Abadín (Lugo) houbo un cura que lle chamaban O Antoñanes.
Un día presentouse unha tormenta e o cura, que estaba na casa rectoral, púxose a ler nun libro que tiña enriba da mesa do escritorio.
Lía de présa e suaba. E así estivo bastante tempo ata que, moi apurado, tivo que meterse debaixo da mesa, xusto a tempo para librarse dun coitelo grande que se chantou no medio e medio da mesa.
De inmediato, a treboada foise indo e descargou no monte, onde non fixo dano a ninguén.
O coitelo mandárao o nubeiro, vencido polo esconxuro do cura Antoñanes.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de FRANCISCO PÉREZ, O Carballo, Abeledo, Abadín (Lugo). 15 de novembro de 1992.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.